

## CIRCULAR FINAL DE CURSO

Estimadas familias:

O venres 21 de xuño finaliza o curso 2023-2024. Por este motivo queremos informarvos de diferentes asuntos do voso interese:

- ⇒ Atendendo a ORDE de 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar, a publicación das cualificacións a través de ABALAR realizarase o mércores 26 de xuño. A entrega de boletíns de cualificacións ao alumnado **que o solicite previamente á súa titora ou titor** será o mércores 26 de xuño pola mañá.
- ⇒ O luns 17 de xuño ás 16:30h., no patio cuberto, faremos a tradicional entrega de orlas ao alumnado de 6º EI que termina a etapa de Educación Infantil.
- ⇒ O venres 21 ás 17:00h no patio exterior terá lugar o acto de Graduación de 6º EP.
- ⇒ O **mércores 26 de xuño** ás 18:00 haberá unha reunión coas familias de 4º EP para informar sobre o programa EDIXGAL.
- ⇒ Entre o mércores 26 e o venres 28 de xuño (ata as 12:00h.) o profesorado atenderá as familias que así o soliciten. O prazo de reclamación das cualificacións rematará o venres 28 de xuño.
- ⇒ As familias de 6ºEP deberán recoller a documentación oficial- Historial Académico- na Secretaría entre o 27 e o 28 de xuño.
- ⇒ **Libros de texto.** No reverso desta folia tedes a listaxe de libros de texto para o curso seguinte. Lembra que o 21 de xuño remata o prazo de solicitude das axudas da Xunta para comprar os libros de texto de 1º e 2º, solicitar Fondolibros para 3º-4º e/ou cheque para material escolar para Primaria.
- ⇒ **Entrega de libros de 3ºEP e 4ºEP:** O xoves 20, todo o alumnado destes cursos, beneficiario de Fondolibros, entregará ás titoras os libros recibidos ao inicio do curso.
- ⇒ **Listaxes de Fondolibros:** martes 25 de xuño publicaremos no taboleiro a listaxe provisional de beneficiarios dos libros de 3ºEP e 4ºEP para o vindeiro curso, e o 28 de xuño a definitiva. Os libros de 3ºEP e 4ºEP entregáremoslos na Secretaría os días 9 e 10 de setembro. **Entrega de "Vales":** entre o 2-5 de xullo e a partir do 2 de setembro, podedes recoller na Secretaría, en horario de 9:15h a 13:30h, os vales solicitados para os libros de 1º e 2º e os de compra de material escolar.
- ⇒ Durante os meses de xullo e agosto podedes obter información na web do colexio [www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre) ou solicitala utilizando o correo electrónico [ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.gal](mailto:ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.gal)
- ⇒ As clases do vindeiro curso 2024-2025 comezarán o mércores 11 de setembro ás 9:00h.

Aproveitamos para despedir afectuosamente o alumnado e as familias, que por diferentes motivos deixan o Colexio, especialmente aos de sexto de primaria, desexándolles a todos moita sorte na nova etapa que iniciarán en setembro.

Feliz verán a todos/as e agardamos seguir contando coa vosa confianza, dispoñibilidade e participación no vindeiro curso.

A Coruña, 14 de xuño de 2024

O Equipo Directivo